

REAL MOSTEIRO DE OIA

# MEMORIA DE SOSTIBILIDADE

2025



# ÍNDICE

1 O gran reto da rehabilitación patrimonial

2 A investigación como base da recuperación

3 O Mosteiro aberto á cidadanía: actividade cultural e visitas 2025

4 A sostibilidade como núcleo do proxecto

5 Anexos

6 Agradecementos



# 1 o gran reto da rehabilitación patrimonial

O ano 2025 supuxo un novo período de traballo intenso no desenvolvemento do proxecto de restauración e rehabilitación do Real Mosteiro de Santa María de Oia, un proceso no que a propiedade mantén o seu **compromiso firme coa recuperación deste conxunto patrimonial único**.

Tras alcanzar en exercicios anteriores fitos fundamentais como a aprobación do proxecto en Consello de Ministros e a obtención de informes favorables por parte de organismos competentes como Patrimonio e Augas de Galicia, durante 2025 avanzouse na fase administrativa previa ao comezo das obras, centrada na obtención da correspondente licenza municipal.

Neste sentido, o procedemento vixente en Galicia para este tipo de intervencións require actualmente a certificación previa dunha Entidade de Certificación de Conformidade Municipal (ECCOM), tras a cal o Concello de Oia pode proceder á concesión da licenza de obra.

A recente implantación deste sistema supuxo, con todo, unha tramitación máis lenta do previsto inicialmente.

A finais de 2025, o proceso acumulaba xa varios meses de espera, convertendo o factor tempo nun elemento determinante para a planificación global do proxecto. Esta situación condicionou a definición dos prazos de intervención, manténdose a propiedade á espera da resolución definitiva deste trámite, considerado clave para o inicio dunha actuación que marcará un antes e un despois na historia do Mosteiro.

A pesar de este contexto administrativo, **o proxecto continúa avanzando na súa dimensión técnica e estratéxica**, coa mirada posta na redacción e execución final dunha intervención que permitirá devolver ao conxunto monumental o seu valor arquitectónico, histórico e cultural, consolidando o seu papel como referente patrimonial do noroeste peninsular.

O ano 2025 caracterizouse, por tanto, por unha fase de consolidación institucional e preparación, na que se sentaron as bases necesarias para afrontar o inicio das obras de restauración, mantendo intacto o obxectivo central do proxecto: **a recuperación integral do Real Mosteiro de Oia**.



## 2 A investigación como base da recuperación

Un dos piares fundamentais do proxecto do Real Mosteiro de Oia continúa sendo a **investigación histórica e arqueolóxica**, unha labor imprescindible para comprender en profundidade a evolución do cenobio e garantir unha futura restauración rigorosa e respectuosa co seu valor patrimonial.

As **campañas arqueolóxicas** desenvolvidas nos últimos anos permitiron consolidar ao Mosteiro non só como un monumento de enorme relevancia histórica, senón tamén como un auténtico xacemento arqueolóxico en constante descubrimento. Cada intervención achega novas claves sobre a vida monástica, a configuración arquitectónica do conxunto e a súa estreita relación co territorio e co mar.

Durante 2025, esta liña de traballo seguiu dando resultados especialmente relevantes. A finais de ano produciuse un **importante achado arqueolóxico**: os resultados da análise por termoluminiscencia dos restos achados no Patio dos Limoeiros dan unha datación dentro do rango de anos 679- 739 d.C. é dicir, de finais do século VII ou principios do século VIII. Este época histórica correspóndese co **período visigótico e as incursións musulmás en Galicia**.

Na nosa comunidade hai un gran baleiro en canto a xacementos desta época polo que o valor deste achado increméntase, non só no que respecta á **reconsideración das teorías existentes sobre a orixe do Mosteiro** e as súas primeiras fases construtivas, se non que ademais abre novas vías de estudo para os próximos anos no estudo desa fase histórica na comarca, pois queda testemuñado que existiu un asentamento previo ao Mosteiro na baía de Oia.

Este asentamento pode ter relación coa lenda fundacional do cenobio, reflectida no seu escudo de armas, na que se fai referencia á fortaleza que se supón existía antes da construción do cenobio.

O Mosteiro segue sendo, por tanto, un espazo vivo, no que **a arqueoloxía, a historia e a divulgación avanza de forma conxunta**, convertendo cada campaña de estudo nunha nova oportunidade para comprender, protexer e proxectar cara ao futuro este patrimonio excepcional.



*Estrutura circular achada no Patio dos Limoeiros previa á existencia do Mosteiro*



## 3 O mosteiro aberto á cidadanía: actividade cultural e visitas 2025

A protección do patrimonio non pode entenderse sen a súa difusión. Por iso, a Fundación Bretal mantén como un dos seus **obxectivos esenciais achegar o Real Mosteiro de Oia á cidadanía**, facendo partícipe ao público da súa historia, a súa evolución e o seu proceso de recuperación.

Durante 2025, o Mosteiro volveu abrir as súas portas en momentos clave do ano, consolidando un modelo de visitas centrado en tres piares:divulgación, conservación e experiencia do visitante.

### Semana Santa: O Mosteiro baixo estudo

A primeira apertura do ano tivo lugar en Semana Santa baixo o título “O Real Mosteiro de Oia baixo estudo”, unha proposta especialmente vinculada aos resultados das últimas **campañas arqueolóxicas**.

Tras un 2024 no que as escavacións impediron o acceso público, esta reapertura supuxo un momento especialmente significativo para o proxecto.

**+500 visitantes** nunha soa semana

Visitas en **grupos reducidos e quendas**

Enfoque centrado na **investigación arqueolóxica**

“Cada visita convértese nunha forma de com-  
partir o proceso de coñecemento do Mosteiro.”

Sarah Barbará, responsable da actividade cultural do Mosteiro





## Verán no Mosteiro

Durante os meses de xullo e agosto, o Mosteiro volveu consolidarse como un dos **principais referentes culturais do Baixo Miño**, converténdose nunha parada imprescindible tanto para visitantes como para a propia comunidade local.

As visitas guiadas, adaptadas aos avances máis recentes da investigación, incorporaron **novos contidos** derivados das campañas arqueolóxicas, permitindo aos visitantes acceder a unha interpretación actualizada do Mosteiro. Este enfoque converte cada tempada nunha experiencia renovada, onde o coñecemento avanza e compártese en tempo real.

A contorna natural e a localización privilexiada do Mosteiro, aberto ao Atlántico, reforzan ademais a experiencia da visita, combinando **patrimonio, paisaxe e historia nun mesmo percorrido**.

**+3.500** visitantes

**Visitas guiadas** durante todo o periodo estival

**Acceso a xardíns, percorrido histórico e exposición permanente**  
**“Os presos do Mosteiro: memorias da Guerra Civil española”**







## VII Recoñecemento Real Mosteiro de Oia

En setembro tivo lugar a **sétima edición** do Recoñecemento Real Mosteiro de Oia, consolidado xa como unha cita anual de referencia cultural na comarca.

O homenaxeado en 2025 foi o historiador, arqueólogo e investigador **Xoán Martínez Tamuxe**, pola súa achega clave ao coñecemento do Baixo Miño e ao estudo do patrimonio galego.

O acto reuniu a representantes institucionais, investigadores, homenaxeados de edicións anteriores e público xeral, nun encontro marcado polo recoñecemento e a emoción compartida.

**Motivos do recoñecemento:**

**Investigación histórica** sobre a comarca

**Contribución á oficialización do Camiño Portugués pola Costa**

**Difusión do patrimonio cultural** do territorio



**“O seu traballo  
contribuíu de forma  
decisiva a entender  
quen somos e de  
onde vimos.”**

**Xoán Martínez, Presidente do  
padroado da Fundación Bretal**





## Unha apertura constante á sociedade

Máis aló das cifras, o Real Mosteiro de Oia reafirma en 2025 o seu papel como un **espazo aberto, accesible e en diálogo** permanente coa sociedade.

Cada apertura, cada visita e cada actividade forman parte dunha mesma idea: facer do patrimonio algo compartido.

### Un lugar onde:

A **investigación** convértese en relato

A historia transmítese en **primeira persoa**

O **visitante** pasa a formar parte activa do proceso de recuperación

O modelo de apertura, baseado en grupos reducidos, contidos actualizados e experiencias guiadas, permite **compatibilizar a conservación do monumento coa súa difusión**, garantindo unha relación sostible entre o uso público e a protección patrimonial.

O ano 2025 consolida así unha liña de traballo na que o acceso á cultura, a divulgación do coñecemento e o respecto polo patrimonio avanza de forma conxunta, fortalecendo o vínculo entre o Mosteiro e a comunidade.

## ABRIR O MOSTEIRO É TAMÉN UNHA FORMA DE ASEGURAR O SEU FUTURO

## 4 A sostibilidade como núcleo do proxecto

A sostibilidade é o eixo vertebrador do proxecto do Real Mosteiro de Oia. Entendida desde unha perspectiva integral, implica non só a conservación do patrimonio, senón tamén o seu **impacto social, a súa conexión co territorio e a súa viabilidade** a longo prazo.

Durante 2025, este enfoque desenvolveuse a través de iniciativas que combinan divulgación cultural, compromiso social e coidado da contorna natural, consolidando un **modelo de xestión responsable e sostible**.



#### 4.1. Divulgación cultural e compromiso social

A divulgación cultural constitúe unha das principais ferramentas para achegar o patrimonio á sociedade e reforzar o seu valor colectivo. Neste sentido, o proxecto do Real Mosteiro de Oia impulsa **iniciativas** que non só difunden coñecemento, senón que tamén **fomentan a participación, o arraigamento territorial e o compromiso social**.

Durante 2025, estas accións combinaron cultura, educación e solidariedade, ampliando o alcance do proxecto e xerando un impacto positivo máis aló do ámbito estritamente patrimonial.

#### Sementando cultura en galego

Un dos fitos máis salientables do ano tivo lugar o 17 de maio, coincidindo co **Día das Letras Galegas**, coa presentación do libro infantil *A figueira máxica*, escrito por Dalia González Pulido e editado por Serra da Groba.

Trátase da **primeira publicación** da editorial dirixida ao **público infantil en lingua galega**, ampliando así o alcance do proxecto cara a novos públicos e reforzando o vínculo co territorio e a súa cultura.

O evento, celebrado na Praza de Armas do Mosteiro, reuniu a público local nunha xornada marcada pola emoción.

#### Acción solidaria con Bicos de Papel

*A figueira máxica* incorpora ademais unha importante dimensión social. A súa protagonista, Briana, está inspirada nunha historia real vinculada á loita contra o cancro infantil. Por iniciativa da autora, Dalia González Pulido, estableceuse unha **colaboración coa asociación Bicos de Papel**, dedicada ao apoio de nenos e nenas oncolóxicos do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo e as súas familias.

- **Primeira publicación infantil da editorial**
- **Promoción da cultura e lingua galegas**
- **Implicación directa da comunidade local**
- **Impacto solidario: 1€ de cada exemplar destinado a Bicos de Papel**

**A CULTURA TAMÉN PODE SER  
UNHA FERRAMENTA DE AXUDA E  
TRANSFORMACIÓN SOCIAL**







**UN MOSTEIRO, UN MAR DE HISTORIA(S)**



**A FIGUEIRA MÁXICA**  
Dalia González Pulido



**EN 1939 NOS VIMOS EN OIA**  
F. Javier Costas Goberna



**UN MONASTERIO VINCULADO AL MAR**  
Mayte Prieto

## Serra da Groba: crear, editar y difundir

A editorial Serra da Groba, impulsada pola Fundación Bretal, continúa consolidándose como **unha ferramenta clave para a divulgación** do patrimonio do Mosteiro e da súa contorna.

Nada en 2019 co obxectivo de cubrir a falta de publicacións divulgativas sobre o cenobio e o seu territorio, a editorial ampliou progresivamente o seu catálogo.

As súas publicacións **abordan a historia, o patrimonio artístico, a etnografía e o medio natural**, conectando o Mosteiro cos municipios da súa contorna: Oia, Gondomar, Tomiño, O Rosal e A Guarda.

## Nova tenda en liña: avanzar cara á sostibilidade económica

En 2025 deuse un paso importante na estratexia de sostibilidade económica do proxecto co **lanzamento da tenda en liña da Fundación Bretal**.

Esta plataforma permite acceder ás publicacións durante todo o ano, superando a limitación que supón a apertura estacional do Mosteiro, especialmente condicionada polos traballos arqueolóxicos.

### Catálogo actual:

**4 títulos propios**

**1 publicación externa (ACIGAL)**

### Obxectivos da tenda en liña:

**Facilitar o acceso ás publicacións** desde calquera lugar

**Xerar ingresos** que contribúan á **sostibilidade do proxecto**

**Ampliar o alcance do labor divulgativa**

**A SOSTIBILIDADE  
DO PATRIMONIO  
TAMÉN PASA POLA  
SÚA CAPACIDADE DE  
XERAR RECURSOS  
QUE ASEGUREN O SEU  
FUTURO**

## 4.2. Sostibilidade e coidado da contorna natural

El compromiso coa sostibilidade do Real Mosteiro de Oia esténdese tamén á **protección e xestión responsable da súa contorna natural**. A paisaxe que rodea ao cenobio non só forma parte da súa identidade histórica, senón que constitúe un elemento esencial para a súa conservación e posta en valor.

Durante 2025, desenvolvéronse distintas **accións orientadas ao coidado do medio natural**, promovendo prácticas sostibles que contribúen ao equilibrio ecolóxico, a prevención de riscos e a integración do Mosteiro na súa contorna.

### Proxecto Ríos: seguimento do río Lavandeira

Coa contorna natural do Mosteiro mantense a través da participación no Proxecto Ríos, en colaboración coa empresa Kaleido (Grupo MARE).

Esta iniciativa inclúe dúas xornadas anuais de **análises do estado do río Lavandeira**, un elemento histórico clave para o funcionamento do mosteiro e a súa contorna.

### Resultados 2025:

O río mantén un **bo estado** de conservación

**Datos en liña** cos rexistros de anos anteriores



## Silvopastoreo e xestión sostible da contorna

O mantemento das parcelas que rodean o Mosteiro, cunha extensión superior a seis hectáreas, realízase mediante prácticas sostibles como o silvopastoreo.

A través dun acordo cunha veciña de Oia, o pastoreo controlado de cabras e ovellas **permite xestionar a vexetación de forma natural e eficiente.**

**Beneficios desta práctica:**

**Prevenición de incendios forestais**

**Reducción do impacto ambiental**

**Mellora da sostibilidade do sistema**

## A CONTORNA NATURAL É PARTE VIVA DO MOSTEIRO



### Unha sostibilidade en equilibrio

As accións desenvolvidas en 2025 reflicten un modelo de sostibilidade baseado no equilibrio entre cultura, sociedade e medio ambiente.

Un enfoque que permite avanzar cara a recuperación do Mosteiro non só como un ben patrimonial, senón como un proxecto vivo, conectado coa súa contorna e comprometido co seu futuro.

# 5 Anexos

Co obxectivo de ofrecer unha visión completa e transparente da evolución do proxecto, inclúense a continuación as memorias de sostibilidade de exercicios anteriores, así como outra documentación complementaria de interese.

Estes anexos permiten contextualizar os avances alcanzados en 2025 dentro dunha liña de traballo continuada, facilitando a comprensión do desenvolvemento progresivo do proxecto do Real Mosteiro de Oia.

A consulta destas memorias permite apreciar a evolución das actuacións, os fitos alcanzados e a consolidación dun modelo de xestión baseado na sostibilidade, a investigación e a posta en valor do patrimonio.




Memoria de Sostibilidade **2019**



Memoria de Sostibilidade **2020**



Memoria de Sostibilidade **2021**



Memoria de Sostibilidade **2022**



Memoria de Sostibilidade **2023**



Memoria de Sostibilidade **2024**

# 6 Agradecementos

Non podiamos pechar esta memoria sen o noso agradecemento especial a todos aqueles, tanto persoas como institucións, que co seu apoio incondicional séguennos acompañando neste proceso de recuperación patrimonial, tan complexo como ilusionante.

Persoas fundamentais para o proxecto como Santiago Pintos Pena, Carlos Pérez Ramos, Consuelo Gómez Calvo, Vicente Álvarez Rodríguez, Rosa e Matilde Alonso Álvarez, Carmen Manso Porto, F. Javier Costas Goberna, César Pérez, Patricia Muñoz ou María Chamadoira, entre outros. A cantidade de amigos e amigas cultivados ao longo de tantos anos fai imposible mencionalos a todos.

E a institucións como o Concello de Oia, a Deputación de Pontevedra e a Xunta de Galicia, con quen traballamos de xeito estreito e próximo para tratar de superar as dificultades, sempre enfocados na recuperación do Mosteiro.

MEMORIA DE  
SOSTIBILIDADE  
2025

# REAL MOSTEIRO DE OIA

